

De familias e realizacións persoais

[08/10/2008 09:59] por **Manuel Rodríguez Alonso**

Así nacen as baleas

Anxos Sumai

Galaxia, Vigo, 2008. 192 páxs., 12 €

Un dos temas tópicos da novela é o choque entre a imposición dunha tradición familiar e a ansia de liberdade e realización propia dos fillos no seo dunha familia en que a nai ou o pai tratan de impoñerlles aos fillos as profesións e formas de vida que a familia veu tendo nas xeracións anteriores. Esta novela inscríbese neste tópico, que a autora resolve con éxito, malia o perigo de caer no sentimentalismo fácil, que sempre axeca neste tipo de relatos.



A novela estrutúrase en tres capítulos. No primeiro capítulo, en primeira persoa, a narradora é a protagonista, Nena, moza investigadora sobre as baleas nunha universidade de California. Regresa a Galicia porque ten que facerse cargo do negocio familiar dunha cadea de ferraxarías e tendas de electrodomésticos. A partir desde momento comeza nunha serie de *flash-back* ou voltas atrás, que o lector debe ir ordenando cronoloxicamente e causalmente, a reconstrución da súa vida e a dos membros da súa familia: os avós que planearon a vida dos fillos (que obedeceron), a difícil relación entre os pais de Nena, a presenza magoante para os pais do fillo subnormal... Fronte á xeración da nai ou do tío Cándido, que aceptaron a imposición familiar de seguir co negocio da ferraxaría, Nena quere ter unha vida de seu e ser dona do seu destino, polo que remata como investigadora en California.

Acerto estrutural é, ao longo deste primeiro capítulo, abrir a expectativa de se Nena seguirá a imposición familiar ou optará por continuar coa súa vida de investigadora. Mesmo se nos fala de personaxes que non acabamos de situar, como é o caso de Ramón, o irmán subnormal. Esta graduación na información para o lector é unha boa forma de encirrar cara á lectura. O segundo capítulo presenta un narrador en terceira persoa e o relato céntrase sobre todo na figura do irmán de Nena, Ramón, rapaz afectado dun atraso mental, que condiciona poderosamente a vida da familia. Un dos grandes acertos da novela é o tratamento de Ramón así como a relación coa nai e coa irmá. Non menos interesante é a relación nai-pai, condicionada por Ramón e mais pola infidelidade do marido. De certo, nesta parte asistimos a unha relación familiar difícil entre marido e muller, fillos e mesmo cos cuñados. Non obstante, malia os enfrontamentos, o grupo permanece e fai fronte ao desamor ou aos problemas que suscita a presenza dun enfermo psíquico na familia.

O terceiro capítulo volve á primeira persoa e Nena de novo volve ser protagonista-narradora. Chégase ao desenlace, que resultará un compromiso. Farase cargo da empresa familiar, mais volverá a California e de cando en vez regresará para dirixir formalmente os negocios familiares, xestionados na realidade por unha axencia.

Xa que logo estamos ante unha boa novela que non cae no tópico, malia a dificultade que entraña un tema tan habitual. Nalgún caso personaxes ou episodios resultan tipos carentes de verdadeira orixinalidade e profundidade psicolóxica (tal é o caso de Cándido refuxiado na súa horta) e ata algúns episodios parecen concesións á moda e á galería, como a relación Nena-Ángela, de xeito que ata cheiran a novela de tese, pero non hai obra perfecta.

En canto á lingua, malia o intento da autora por axustarse á vixente normativa, atopamos erros como *perruquería*, *maceta* (no canto de 'testo'), *anguria*, *habitación* (no canto de 'cuarto'), *enfrente* (en fronte), *retrasado* por atrasado ou o emprego castelanista do pseudorreflexivo: *exclamou e deuse a volta do dereito e do revés* (páx. 95). Cremos que resulta tamén inadecuado o uso de *paxarela* no canto do académico *lazo*, *gravata de lazo*, por máis que dicionarios como o Xerais o fagan equivalente do castelán *pajarita*. *Paxarela* comunmente enténdese como bazo, especialmente o do porco. Tamén hai casos de xénero castelanistas como *a nada*, *o lavalouza*, no canto de *o nada*, *a lavalouza*. Resulta castelanista así mesmo o singular *ouriño* no canto de *ouriños*.

Non obstante, hai que salientar na lingua o desexo de usar un galego correcto e mesmo o emprego de termos e construcións que non adoitan aparecer noutros escritores como a utilización da preposición *onda* ou o uso do infinitivo conxugado. Cómpre así mesmo salientar a boa utilización do ritmo sintáctico para marcar o tempo da narración ou a boa prosa lírica, mesmo de xineá surrealista, que aparece nalgúns anacos da novela.

Hai 5 comentarios para esta nova. [Le os comentarios e participa](#)

OUTRAS NOTICIAS

- [Na memoria está a dignidade](#)
- [Penélope reinterpretada](#)
- [A novas Auria/Oria](#)
- [Novela prescindible](#)
- [Viaxe polos vieiros da imaxinación](#)
- [Crime sen castigo](#)
- [Na procura das orixes](#)
- [Un atasco entretido](#)

© Vieiros